



CIRCULAR 61-2019

V CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS DE PROBAS COMBINADAS

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) Os días 18 e 19 de maio terá lugar o V Campionato de Galicia de clubs de probas combinadas (Sub16 ata absoluto) nas pistas de Balaidos en Vigo (Pontevedra). O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Vigo.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das categorías Sub16, Sub18, Sub20, Sub23, senior e máster que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertencen a clubs doutras comunidades autónomas.
3. Atletas non galegos/as convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Segundo acordo da Asemblea nos campionatos de probas combinadas individuais só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.

Art.3) No Campionato de **Galicia de Clubs** de probas combinadas poderán participar todos aqueles equipos masculinos ou femininos que inscriban un mínimo de 3 atletas en cada sexo.

Os/As atletas que non formen equipo poderán participar se están situados entre os 3 primeiros/as do ranking galego. A puntuación farase, puntuando 3 atletas independentemente da súa categoría dende cadetes ata absolutos. Os clubs que non terminen con 3 atletas non puntuarán.

Art.4) No Campionato de Galicia de clubs de probas combinadas haberá trofeos para os tres primeiros clubs.

Art.5) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 14 de maio de 2019.**



Art.6) A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fatletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado: 3 euros. A aceptación do/a participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.7) Os atletas deberán retirar o seu dorsal ata 45 minutos antes do inicio da primeira proba.

Art.8) Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible de en toda a súa superficie no peito, agás na pértiga, que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación, a organización non facilitará imperdibles.

Art.9) Horario

HORARIO DEFINITIVO
SÁBADO 18 XORNADA DE MAÑÁ
10:30h 100ml. Decathlon
10:40h 100ml. Octathlon Sub16
10.50h 100mv. (0,76) Hexathlon Sub16
11:00h 100mv. (0.76) Sub18
11:10h 100mv. (0,84) Sub20/Sub23/Senior
11.50h Salto de Altura Feminino Sub16/Sub18/Sub20/Sub23/Senior
11.10h Salto de Lonxitude Decathlon
11.20h Lanzamento de Peso Octathlon Sub16 (Círculo 1)
12.30h Lanzamento de Peso Decathlon (Círculo 2)
13.30h Lanzamento de Peso Hexathlon Sub16 (Círculo 1)
13:30h Lanzamento de Peso Sub18/Sub20/Sub23/Sénior (Círculo 2)
13.30h Salto de Altura Octathlon/Decathlon
14.40h Lanzamento de Disco Octathlon Sub16
200ml Sub18/Sub20/Sub23/Senior*
400 Decathlon*
*30 Minutos despois de que remate o último participante na proba anterior.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

DOMINGO 19 XORNADA DE MAÑÁ
10:00h Lonxitude Hexathlon Sub16
10:00h 100mv. (0,91) Octathlon
10:00h 110mv. (0,91) Decathlon Sub18
10:10h 110mv. (0,99) Decathlon Sub20
10:15h 110mv. (1,06) Decathlon Absoluto
10:40h Salto con pértiga Octathlon
11:00h Lanzamento de Disco Decathlon
11:20h Lanzamento de Xavelina Hexathlon Sub16
11:20h Salto de Lonxitude Sub 18/Sub 20/Sub 23/Sénior
11:45 1500 Feminino (SERIE MUNICIPAL)
12:00 1500 Masculino (SERIE MUNICIPAL)
12:00h Lanzamento de Xavelina Octathlon
12:30h Salto con Pértiga Decathlon
12:40h Lanzamento de Xavelina Heptathlon Sub18/Sub20/Sub23/Sénior
14:00h Lanzamento de Xavelina Decathlon
600ml. Hexathlon Sub16*
1.000ml Octathlon Sub16*
800ml. Heptathlon*
1.500ml. Decathlon*
*30 Minutos despois de que remate o último participante na proba anterior.

Cadencia do salto de altura

Masculino:

A máis baixa solicitada de 6 en 6 cm. ata 1,50 m. + 3 cm.

Feminino:

A máis baixa solicitada de 6 en 6 cm. ata 1,30 m. + 3 cm.

Cadencia do salto con pértiga

Masculino e feminino:

De 20 en 20 cm ata 3m, e logo de 10 en 10cm.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 10 de maio de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo